

NORMAS DE USO DO LOCAL DE ENSAIO DO CONCELLO DE OUTES

Artigo 1. Obxecto.

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do Local de Ensaio de Outes. O seu obxectivo é facilitar un espazo para o ensaio musical da cidadanía do Concello, e/ou xente vinculada ao mesmo cunha relación de traballo e/ou familia.

Artigo 2. Instalacións e equipamento.

O local de ensaio de Outes está situado nunha aula do antigo colexio do Cruceiro de Roo, que ten acceso directo ao patio, para facilitar a carga e descarga dos materiais dos grupos. A aula está insonorizada e os grupos poden dispor tamén dun almacén para gardar os seus instrumentos, que quedarán baixo chave, pero dos que o Concello non se responsabilizará en caso de roubo ou desperfetos.

Artigo 3. Horario.

O horario do local de ensaio será o solicitado polos grupos musicais sempre e cando non estean organizadas outras actividades, polo propio Concello.

Artigo 4. Presentación de solicitudes.

Poderán presentar solicitudes para o uso do local, aquelas persoas empadroadas en Outes, ou persoas que teñan unha vinculación co Concello dalgún tipo (familiar de primeiro grao, laboral, et..) e que, en representación dun colectivo musical, precisen dun local para realizar os seus ensaios. Tampouco terían que estar tódolos membros empadroados no Concello de Outes.

Artigo 5. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso.

A) Priorizaranse as solicitudes de reserva mensual de 8 horas (2 horas á semana)

B) O equipamento acollerá preferentemente aos grupos do Concello de Outes (considerando grupos de Outes nos que o 75% ou máis dos componentes estén empadroados neste concello.

C) Trimestralmente revisaranse os horarios. En caso de ser necesario, reestructurarase o calendario en función das novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.

D) O Concello de Outes entregará á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do grupo solicitante, o nome do seu representante, o seu DNI, relación das persoas que compoñen o grupo, días e horas nas que está autorizado o uso dos locais e a sala a utilizar, etc...

Artigo 6. Acceso ás instalacións.

A) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá ter dispoñible o documento de autorización ao que se refire o apartado d) do artigo anterior e dirixirse ao libro de rexistro de entrada e saída do local de ensaio para deixar constancia da entrada e saída.



B) A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión do técnico responsable do Concello, co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións.

C) Antes do inicio e ao remate de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ou incidencia ao persoal responsable do mesmo, mediante un parte de incidencias de obrigado cumprimento.

D) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza e orde nas que estaba á súa chegada.

E) O concello de Outes faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.

Artigo 7. Obrigas das persoas usuarias dos locais:

A) Respetar os horarios e salas asignadas. Non se permitirá o acceso ás instalacións das persoas que cheguen fora do horario asignado.

B) Cubrir os partes de asistencia.

C) En caso de non utilizar o local en seis ocasións consecutivas sen xustificación, procederase á baixa do uso de este equipamento e non terá preferencia para a asignación de días e horas de uso.

D) Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e participantes do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización do Concello de Outes.

E) Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido. Prégase extremar o coidado na manipulación do material e cableado, deixando todo desconectado da rede eléctrica, no seu caso.

F) No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trata a través do seu representante deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.

G) Non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer no local de ensaio.

H) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguemento periódico que se convoquen dende o Concello de Outes.

Artigo 8. Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento dará lugar á perda do dereito ao uso e disfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período dun ano. Sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

Outes, na data que figura á marxe.

